

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**DEPARTAMENTO:** Relixión

**CURSO:** 1 BAC

**MATERIA:** Relixión 1º DE BAC

**PROFESOR/A:** Manuela Carballude

## **1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.**

**Bloque 1. ANTROPOLOXIA CRISTIANA 1º avaliación**

**Bloque 2. DOCTRINA SOCIAL DA IGREXA 2º avaliación**

**Bloque 3. RELACION ENTRE A RAZON , A CIENCIA E A FE / 2ª Avaliación**



<b>CRITERIOS DE AVALIACION</b>	<b>ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES</b>
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Recoñecer e respectar a necesidade de sentido no home.</li><li>2. Comparar manifestacións históricas que permitan desvelar desde sempre o sentido relixioso do ser humano.</li><li>3. Dar razón da raíz divina da dignidade humana.</li><li>4. Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>1.1 Reflexiona sobre acontecementos mostrados nos medios de comunicación e emite xuízos de valor sobre a necesidade de sentido.</li><li>2.1 Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.</li><li>3.1. Descubre, a partir dun visionado que mostre a inxustiza, a incapacidade da lei para fundamentar a dignidade humana. Compara con textos eclesiásticos que vinculan a dignidade do ser humano á súa condición de criatura.</li><li>3.2. Investiga, obtén datos estatísticos e analiza sacando conclusións, comportamentos dos mozos que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.</li><li>4.1 Cualifica as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo e contrástaas coa proposta de salvación que ofrecen as relixións.</li></ol>
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Coñecer e valorar o contexto en que nace e o ensino da doutrina social da Igrexa.</li><li>2. Identificar a dignidade humana como clave para unha convivencia xusta entre os homes, diferenciándoa dos recoñecementos que o Estado realiza a través das leis.</li><li>3. Coñecer e aplicar os principios fundamentais da doutrina social da</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>1.1 Identifica problemas sociais de finais do século XIX. Estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da doutrina social da Igrexa.</li><li>2.1 Elabora unha definición persoal sobre os termos, legal, ético e moral. Explica publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.</li></ol>

<p>Igrexa a diversos contextos</p>	<p>3.1 Comprende e define con palabras persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplica a situacións concretas devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Coñecer e distinguir os diferentes métodos utilizados pola persoa para coñecer a verdade.</li><li>- Coñecer e aceptar con respecto os momentos históricos de conflito entre a ciencia e a fe, sabendo dar razóns xustificadas da actuación da Igrexa.</li><li>- Ser consciente da necesidade de relación entre ciencia e ética para que exista verdadeiro progreso humano</li></ul>	<p>1. Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.</p> <p>2.1 Recoñece con asombro e esfórzase por comprender a orixe divina do cosmos e distingue que non provén do caos ou o azar.</p> <p>2.2 Infórmase con rigor e debate respectuosamente, sobre o caso de Galileo, Servet, etc. Escribe a súa opinión, xustificando razoadamente as causase consecuencias de ditos conflitos.</p> <p>3.1. Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.</p> <p>3.2. Analiza casos e debate de maneira razoada as consecuencias que se derivan dun uso da ciencia sen referente ético.</p>



## **2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

### **-Mecanismo para a recuperación de avaliacións suspensas:**

\* ALUMNADO CON AVALIACIÓNS SUSPENSAS:

O alumnado deberá recuperar as avaliacións suspensas entregando as tarefas telemáticas que a profesora lle están pedindo ao longo deste terceiro trimestre. O alumnado acada así unha cualificación positiva nas avaliacións suspensas e poderá subir nota coma o resto do alumnado.

### **-Actividades de repaso,reforzo ou ampliación.**

- Actividades e traballo de repaso e reforzo e ampliación das aprendizaxes
- Explicación das tarefas, a través do correo electrónico e whassap

### **-Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

- Emprego de instrucións e material na Aula Virtual do centro.

### **- Materiais e recursos**

- Documentos elaborados polo departamento con explicacións e indicacións. Pendurados na Aula Virtual

## **3.Avaliación e cualificación:**

### **-Instrumentos na 1ª e 2ª avaliación**

Probas escritas. Actitude cara á materia. Interese e motivación. Traballo na aula. Proxectos do departamento.

### **-Instrumentos no período especial:**

O alumnado, nesta nova etapa iniciada o 13 de marzo, pode subir nota (ata un máximo de 1 puntos) se realiza as tarefas encomendadas pola profesora, a través da aula virtual.

Ata 0,5 = presentación de todas as tarefas demandadas no prazo marcado. Ata 0,5 = grado de corrección das tarefas presentadas.

### **- Procedemento para o cálculo da cualificación final**

- A nota final resultará do cálculo da media das cualificacións da 1ª e da 2ª avaliación, segundo os criterios establecidos na programación. Poderase subir ata 1 puntos segundo o arriba indicado

## **4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade**

- Este documento será pendurado na páxina web do centro.
- Enviarase, tamén, ás familias por ABALAR.

## **5. Exames de setembro**

Proba escrita dos estándares correspondentes da 1ª e da 2ª avaliación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para a 1ª e 2ª avaliación e poden ser consultados nas táboas que aparecen nesta programación.

No caso de non poder realizar un exame presencial, o mecanismo, criterios de avaliación e estándares serán os mesmos que para as recuperacións.